



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

Vistas as instancias que se presentaron no Concello de Irixoa dentro do prazo legalmente establecido;

Vista a resolución de Alcaldía número 103/2025 de data 16 de abril de 2025 de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos, onde se acorda “...Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada, así como a valoración dos méritos alegados na fase de concurso:

( ... )

### 2.- RELACIÓN DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS:

| APELIDOS E NOME              | CAUSA DE EXCLUSIÓN                                                                                                                           |
|------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Fernández Porto, Raúl</i> | <i>Non aporta copia da súa tarxeta de demandante de emprego. Aporta informe médico no que consta que non pode realizar exercicio físico.</i> |
| <i>Grillone, Illargi</i>     | <i>Non aporta copia da súa tarxeta de demandante de emprego.</i>                                                                             |

Vista a documentación aportada en data 22 de abril de 2025 con rexistro de entrada número 434/000/2025 por Don Raúl Fernández Porto; Vista a acta do Tribunal de selección asinado en data 23 de abril de 2025 e que consta no expediente e onde se establece que “... Considerando que a documentación aportada non subsana a causa de exclusión establecida polo Tribunal de valoración xa que non aporta copia da súa tarxeta de demandante de emprego en vigor ( únicamente aporta tarxeta de demandante de emprego onde a última renovación data do día 2 de abril de 2024, fai máis dun ano ). En canto ó informe médico presentado, non se entra a valorar por parte do Tribunal xa que non repercute na admisión/exclusión do candidato.”

Vista a documentación aportada en data 21 de abril de 2025 con rexistro de entrada número 422/000/2025 por Don Illargi Grillone; Vista a acta do Tribunal de selección asinado en data 23 de abril de 2025 e que consta no expediente e onde se establece que “...Considerando que a documentación aportada subsana a causa de exclusión establecida polo Tribunal de valoración xa que aporta copia da súa tarxeta de demandante de emprego en vigor;”

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas xunto coa convocatoria en acordo de Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria de 28 de marzo de 2025 e en virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 31.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada,

| APELIDOS E NOME                   | CONCURSO<br>FORMATIVO | CARNET<br>IPO B | CONCURSO<br>PROFESIONAL | TOTAL<br>PUNTUACIÓN |
|-----------------------------------|-----------------------|-----------------|-------------------------|---------------------|
| González Abeal, Jesus<br>Carlos   | 0,35                  | 1               | 6                       | 7,35                |
| González Yañez, Andrés            | 0                     | 0               | 4,4                     | 4,4                 |
| Pérez Cachaza, Pedro              | 0,25                  | 1               | 6                       | 7,25                |
| Pilagatti, Mirela                 | 0,5                   | 1               | 2,4                     | 3,9                 |
| Reigosa Fernandez,<br>Gumeresindo | 0,25                  | 1               | 5,4                     | 6,65                |
| Sanchez Piñeiro, Jorge            | 0                     | 0               | 5                       | 5                   |
| Torres Henriques, Paulo<br>Sergio | 0                     | 0               | 2,4                     | 2,4                 |
| Grillone, Illargi                 | 0                     | 1               | 1,2                     | 2,2                 |

| APELIDOS E<br>NOME       | CAUSA DE EXCLUSIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|--------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Fernández Porto,<br>Raúl | Non aporta copia da súa tarxeta de demandante de emprego en vigor<br>( aporta tarxeta de demandante de emprego onde a última renovación<br>data do día 2 de abril de 2024, fai máis dun ano ).<br>En canto ó informe médico presentado, non se entra a valorar por parte<br>do Tribunal xa que non repercute na admisión/exclusión do candidato. |

**SEGUNDO.-** Publicar a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos no Taboleiro de Edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello aos efectos de proseguir co procedemento de selección.

**TERCEIRO.-** Dar conta do presente resolución de Alcaldía na vindeira sesión ordinaria de Pleno.

**En Irixoa, o asina o Sr. Alcalde ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe;**